



## **ACTA ANTERIOR:**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN REALIZADAS OS DÍAS 25 E 30 DE NOVEMBRO DE 2015.** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.--**

## **A) PARTE DISPOSITIVA:**

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE “ADHESION DO CONCELLO DE SANXENXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS, DE VIXENCIA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2018”.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 21 de xaneiro de 2016 sobre esta proposta.

A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, explicou que se trataba dun convenio entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais para o funcionamento dos grupos de emerxencia supramunicipais, coa adhesión de tres institucións, unha delas o Concello de Sanxenxo, que teñen un servizo propio que complementan aos citados grupos, percibindo unha subvención de 125.000,00 euros, tendo unha duración de tres anos e non vinculando mais que para prestar un servizo que xa se estaba a realizar.

O Sr. Guisasaola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, aludiu que este convenio xa existía desde xullo de 2013 e agora prorrógase tres anos mais, preguntando se os ingresos procedentes deste convenio poderán permitir unha ampliación de partida.

A Sra. Rodríguez Búa matizou que o custo deste servizo era moi superior á contía desta subvención e que contestaría a pregunta formulada polo anterior interviniente unha vez que se presentasen os orzamentos definitivos para o ano 2016.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO: solicitar a adhesión do Concello da Sanxenxo, como entidade local con servizos municipais propios que completarán a nova rede de emerxencias (cláusula 9ª do Convenio) e nas partes que lle afecten como tal, ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, de vixencia ata o 31 de decembro de 2018, asumindo as obrigas e compromisos derivado do referido convenio que lle afecten na súa condición de entidade local con servizos municipais propios e con suxeición plena a estas.**

**SEGUNDO:** facultar ao Sr. Alcalde D. Gonzalo Gonzalo Pita, para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo”-----

**B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DA INTERVENCIÓN DO 30/10/15 (R.E. 11472) E 04/11/15 (R.E. 11546) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A INFORMACIÓN PARA DAR CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS CONTEMPLADAS NO ARTIGO 116.TER DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL, EN RELACION AO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS REFERIDOS AO EXERCIZO DE 2014.** O Sr. **Secretario** indica que están a disposición dos membros da Corporación os escritos do Sr. **Interventor** de datas 30 de outubro de 2015 e 04 de novembro de 2015, rexistrados de entrada cos números 11.472 e 11.546, que a continuación se transcriben:

**-Escrito do 30/10/15:**

“Con data 30.10.15 remitiuse ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas no artigo 116 ter, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, en relación co custe efectivo dos servizos referidos ao exercicio de 2014.”

Adxunto a este escrito figuran 113 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 113, tendo os números 59, 60, 62,63, 65,66,67, 68, 69, 70, 71, 72, 74, 75, 76,77, 78,79,80, 81, 82, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 110, 111, 112 e 113 volta.

**-Escrito do 04/11/15:**

“Con data 04.11.15 remitiuse ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas no artigo 116 ter, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, en relación co custe efectivo dos servizos referidos ao exercicio de 2014. Dito envío substitúe ao enviado con data 30.10.15.”

Adxunto a este escrito figuran 45 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 45, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29 volta.

**A Corporación deuse por enterada dos dous escritos.**-----

**4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 05/11/15 (R.E. 11606) COMPLEMENTARIO SOBRE O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DO PAGO A PROVEDORES DO 3º TRIMESTRE DE 2015 ACLARANDO QUE SE CUMPRE A MEDIDA DE SUSTENTABILIDDE FINANCEIRA ESTABLECIDA NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 17 DE ABRIL.** O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** de data 05 de

novembro de 2015, rexistrado de entrada co número 11.606, que a continuación se transcribe literalmente:

“Como complemento aos escritos elevados por esta intervención xeral do pleno da corporación na data de 27 de outubro de 2015 e con número de entrada 11.249 sobre o cálculo do período medio do pago referente ao 30 de setembro de 2015 (terceiro trimestre do ano) o que arroxaba un PMP de 0’26 días para a entidade local do concello de Sanxenxo, de 5,26 para o organismo autónomo Terra de Sanxenxo, e de 1,67 días en termos de consolidación.

Pois ben, o presente escrito complementario é para aclarar ante o pleno que se cumpre a medida de sustentabilidade financeira establecida na lei orgánica 2/2012 de 17 de abril, polo que se dá debido cumprimento ao período medio de pago nos termos en que se desenvolven os cálculos deste cociente polo R.D. 635/2014 conforme ao seguinte formulario básico:

$$\text{PMP} = \frac{\text{ratio operacións pagos por importes realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} \times \text{importe pagos pendentes}}{\text{o importe total de pagos realizados} + \text{importe total de pagos pendentes}}$$

De tal maneira que si o seu resultado é menor de 30 enténdese cumprido o período de pago; o valor pódese aproximar a 0 caso que o total de pagos e o pendente realizáronse en data non superior a 30 días desde a presentación de factura, e mesmo adquirir valores negativos, pero en calquera caso si non excede de 30 enténdese cumprido o PMP.

Por tanto e en relación co anterior escrito de 30 de setembro de 2015 cúmprense por parte deste concello con todas as medidas de consolidación fiscal e sustentabilidade financeira, así como cos ratios económicos financeiros, a saber:

- A) Estabilidade orzamentaria en termos de consolidación e capacidade de financiamento positivo.
- B) Cumprimento da regra do gasto ou variación máxima do gasto computable con referencia a 31 de decembro de 2014, así como en termos sucesivos desde o 31 de decembro de 2014.
- C) Nivel de débeda inferior ao 75% dos recursos ordinarios liquidados no exercicio de 2014.
- D) Aforro bruto e neto positivos calculados como diferencial entre obrigacións líquidas por pagos ordinarios e dereitos líquidos por ingresos ordinarios non financeiros menos servizo da débeda ou carga financeira.
- E) Como se comentou no apartado A, os ingresos financeiros son superiores aos gastos non financeiros de formar acumulativa ao longo do exercicio, polo que se dispón de capacidade de financiamento (despois de axustes).
- F) Cúmprense cos prazos de morosidade da lei 15/2010 de 5 de xullo.
- G) En termos xerais cúmprense co plan de axuste vixente.
- H) Por último establécese que o nivel de débeda financeira do concello a 30 de setembro de 2015 ascende a 10.625.796,10 euros. O que representa un 56,70% (en termos consolidados) e un 60,43% en relación exclusiva á entidade local.
- I) Actualmente o remanente de tesourería representa (en versión de para pagos xerais) un valor negativo de -182.244,35 (O.A. Terra de Sanxenxo) e dun valor tamén negativo de -1.375.003,91 (entidade local) realizando un total de -1.557.248,26 euros.

Non obstante, en termos legais poderíase avaliar como positivo á data.

Todo o que se pon en coñecemento da corporación aos efectos do deber de subministración de información efectuado ao Estado ao longo do pasado mes de outubro e presente mes de novembro.

Por tanto aclárase o pleno cumprimento de período medio de pago con efectos do 30 de setembro de 2015 así como sucedeu desde o 31 de decembro de 2014.

Por outra banda mellorouse o PMP avaliado a 30 de xuño de 2015, que era de 1,7 ao baixar a 1,67.”

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 03 DE NOVEMBRO AO 04 DE DECEMBRO DE 2015 (DE RES. Nº 1633/15 A RES Nº 1877/15).** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 03 de novembro ao 04 de decembro de 2015**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

## **MOCIÓN S:**

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, interveu para dicir que nos plenos están representados os veciños a través dos concelleiros elixidos, non considerando acertado que se dese lectura a escritos antes da sesión, parecéndolle unha falta de respecto que persoas que forman parte de partidos políticos interveñan antes que os corporativos e mais cando xa teñen representación na propia corporación. En canto á moción sobre a lei da acuicultura, estiveron a agardar a que por parte do alcalde comunicáseselles a presentación dunha moción conxunta dos grupos políticos e, agora, atópanse cunha que está presentada só en nome de “Sanxenxo Agrupación Liberal”.

O Sr. **Alcalde** aclarou que co regulamento orgánico actual é potestativo do alcalde o deixar ler escritos aos veciños antes do comezo da sesión e así xa se viña facendo na anterior corporación, considerándoo acertado para favorecer a participación cidadá. En canto á moción destacou que foi presentada a nome dun grupo político, ao esixilo así o regulamento orgánico, pero engadiu que se trataba dun problema ao que esperaba que se lle dese resposta desde todos os grupos políticos.

O Sr. **Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, aclarou ao Sr. **Martín González**, que a persoa que deu lectura ao escrito antes do comezo do pleno pertencía ao círculo de “Podemos” e el é representante de “Sanxenxo Pode”.

**1º) MOCIÓN DO GRUPO DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOBRE SOLICITUDE DE RETIRADA DO ANTEPROXECTO DA LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA (R. DE ENTRADA Nº 632 DO 25/01/16)).** A Sra. **Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Dña. Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B e con domicilio a efecto de notificacións en C/ Consistorio, 4 – 6, Sanxenxo, como portavoz do grupo municipal **SANXENXO AGRUPACION LIBERAL**, comparece e **MANIFESTA:**

Na representación do partido que representa, SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL, propón o Pleno da Corporación, para debate e resolución, a seguinte proposta:

### **Exposición de Motivos**

#### **Sobre a importancia do sector do mar de Galicia na economía local**

O sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: mariscadoras a pe, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo

que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico -ao contrario do que acontece noutras actividades-. O sector do Mar representa o 4% da produción total da economía galega e da traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

Pero o Mar tamén traslada a súa importancia económica a terra a través de:

- empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores)
- empresas provedoras de servizos e suministros (estaleiros, cordelerías, carpintería, montaxes e maquinaria)
- actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc.

Á importancia económica do sector do mar únese ao valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, ten unha enorme contribución cualitativa, dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo. O turismo en Galicia esta baseado en tres piares: a catedral compostelán, a etnografía/paisaxe e a gastronomía.

Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia estátamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan nas rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo tanto a flote, como a pe nas praias. E ao resultado desas actividades con peixes e mariscos ao que os consumidores outorgan alta estima e prestixio, pois forman parte da excelsa gastronomía de Galicia.

### **Sobre o anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia**

O pasado 1 de outubro, o Consello da Xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, **sen un diálogo previo cos sectores produtivos do mar**. Saíu a exposición pública no Diario Oficial de Galicia do 19 de outubro, por prazo dun mes e, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de decembro do 2015 polas protestas orixinadas.

Primeiro foi elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura) que, segundo propia definición, e un documento de estratexia e orientación política. Agora este Anteproxecto de Lei de Acuicultura incorpóraa e dálle rango normativo de obrigado cumprimento.

Entre outros elementos o Anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla:

- o Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra, que establece:
  - que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva,
  - o privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos
  - a limitación das competencias dos Concellos para decidir sobre a implantación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal
- o Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecera para cada zona das Rias as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.

De se aprobar como Lei, consolida un tramite legislativo fraudulento e un engano a cidadanía, aos administrados, e tería como principais perxudicados a toda a xente do mar.

- As autorizacións de marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselle unha concesión temporal e -como o resto das concesións- quedan obrigadas a producir uns rendementos mínimos, haberán de pagar os canons por superficie ocupada (con risco de viabilidade económica das confrarías) e terán que pasar as embarcacións a 4a lista perdendo os *permex* de outras actividades, unha vía mais para a extinción da pesca tradicional e o marisqueo a pe ou a flote.

- Todas as concesións, ao remate ou de non cumpriren os rendementos mínimos, saíran novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que favorece aos máis fortes, xa que obriga a competir a xente do mar contra multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financeira e técnica.

Van privatizar o mar a favor das grandes empresas multinacionais.

**A lei está deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.**

Para a implantación da peixicultura intensiva, a Lei impulsa a Acuicultura Multitrófica Integrada-AMTI, técnica de cultivo que consiste nun monocultivo de peixe carnívoro (salmón, etc) que utiliza especies extractoras (moluscos, algas). Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura da aceptación pola sociedade e así, favorecer a súa implantación e a ocupación das augas das Rías.

Para garantir a implantación dos obxectivos da Lei establece un réxime sancionador represivo e desproporcionado.

A aprobación da Lei e a implantación a escala industrial de gaiolas de peixes vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente:

- Para producir un quilo de peixe precísanse entre 4 e 6 quilos de peixe salvaxe, o que vai supoñer a depredación das pesquerías. Segundo algunhas confrarías e asociacións esta necesidade de pensos para as empresas de peixicultura intensiva orixinou que tamén se establecera o criterio de "descartes cero".

- A contaminación das Rías está asegurada: excrementos e refugallo de peixes, de pensos, fármacos (vacinas, antibióticos) e produtos químicos (antiincrustantes, antiparasitarios) , propagación de enfermidades e parasitos, etc. Contamináranse as augas, afectárase a calidade e cantidade dos nosos recursos e deteriorárase a biodiversidade do medio mariño onde todos traballamos, que é patrimonio de todos os galegos/as.

- A contaminación de peixes e mariscos podería levar aparellada vedas "técnicas" ou a prohibición de actividades de pesca e marisqueo por razóns sanitarias.

- Asemade, a degradación do medio podería ter impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.

Esta Lei defende intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadoras, mariñeiros, parquistas, mexilloeiros, etc

**O Anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do Mar de Galicia. Ningún sector do mar está conforme coa Lei porque entende que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrecerá as comarcas costeiras.**

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- a calidade das augas do medio mariño,
- o afortalamiento do tecido produtivo e o potenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con liñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.
- a recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.
- o incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fora.

**Por todo isto**, os distintos sectores do mar de Galicia teñen solicitado a Consellería do Mar a retirada do anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e **propoñemos que o Pleno Municipal acorde:**

**1.- Instar á Consellería do Mar á retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e ao Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.”**

A **Sra. Rodríguez Búa** especificou que, de conformidade co regulamento orgánico municipal, a moción tiña que ser presentada só por un grupo político, pero que estaba aberta a todos, engadindo que a urxencia viña motivada polo feito de que se trataba dun anteproxecto e que era o momento oportuno de responder desde as institucións.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, en primeiro lugar dixo que estaban de acordo coa moción e que ían votar a favor, engadindo que non tiña inconveniente en dicir que o Partido Popular se equivocou, asumindo a parte que lle pode tocar, porque están aquí para defender os intereses dos veciños independentemente de quen governe. O interveniente sinalou que esperaba que se retirase a lei, aínda que, tal e como lle comentaron dende o propio sector, non é mala ao cen por cen, polo que agardaba que igual que houbo unidade para protestar contra o contido da lei, tamén se produza para conseguir un consenso en defensa de todo o sector, tal e como fan noutras comunidades autónomas.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a moción a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

## **ROGOS**

Non se formulou ningún.

## **PREGUNTAS**

1º) O **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dado que non se ía prorrogar a concesión da cafetería da Casa da Cultura de Adina, preguntou que se ía facer con ese servizo. O **Sr. Alcalde** contestou que a citada cafetería sempre foi problemática, por canto coincidía co espazo dedicado a actividades, o que ao seu entender a fai incompatible, especificando que non se vai prorrogar a concesión, senón que o contrato remata e non se vai sacar novamente a concurso ata que se poida buscar unha solución que permita independizar a cafetería da casa de cultura, para que poidan convivir as dúas harmonicamente.-----

2º) O **Sr. Domínguez Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que, xa que Sanxenxo é un referente turístico, como podía ser que o alumeadado que hai na saída á vía rápida leve mais de seis meses sen que iluminen todos os seus focos, contestando o **Sr. Alcalde** que non lle parece de recibo que se o concelleiro sabía isto desde facía seis meses, agardase ata este pleno para comentalo, cando se se observa calquera problema deste tipo podían entrar en contacto inmediato co concello para solucionalo.-----

3º) A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, referente á marquesiña deteriorada en Portonovo, indicou que se valou a zona de aparcadoiro, pero non a de tránsito, parecendo que tiñan mais interese polos coches que polas persoas e preguntando cando



tiñan pensado arranxar a marquesiña. O **Sr. González Miniño, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, contestou que na citada marquesiña desprendéronse dúas chapas e faltan outras sete, polo que se pediu presuposto para proceder ao seu arranxo e, en canto o valado fíxose o que indicou a Policía Local. O **Sr. Alcalde** matizou que, en canto a realización de valados, se estaba sempre ao que dispoñía a Policía Local, que para iso eran os técnicos competentes na materia.-----

4º) O **Sr. Rea Pérez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, preguntou aos tres concelleiros de Dorrón, cando ían xestionar na deputación o remate da estrada nesta parroquia, contestando o **Sr. Domínguez Otero** para indicar que están a corrixir o desastre producido pola execución da obra como consecuencia da mala planificación e calidade dos materiais, o que motivou a suspensión e que tivesen que facer un informe completo dos defectos observados para remitilos á deputación, agardando que se puidese facer pronto a seguinte fase da obra. O **Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que concordaba co manifestado polo **Sr. Otero Domínguez** e criticou o deseño da obra citada, esperando que agora xa se poida acometer o resto da obra, co acceso ao Outeiro.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e once minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: